

**BORRADOR DA ACTA Nº 3**

**Acta do Consello de Campus que se celebra en data 14 de decembro de 2005, no Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (3º Andar), coa asistencia dos membros do Consello que se indican a pe de páxina<sup>1</sup> e atendendo o seguinte orde do día:**

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe do presidente
3. Posicionamento do Consello de Campus perante a proposta de modificación do calendario académico.
4. Posicionamento do Consello de Campus perante a necesidade de centralización de servizos no Campus de Pontevedra.
5. Presentación e aprobación se procede, do proxecto de creación do "Coro do Campus de Pontevedra"
6. Rogos e preguntas  
Sendo as 17:00 horas e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Reitor Magnífico e Presidente do Consello de Campus de Pontevedra procedese:

**Punto Primeiro:** D. Carlos Mollinedo fai a seguintes alegacións a acta anterior:

- O Sr. Vicerreitor de Planificación non fixo mención ó edificio da Casa das Campás na súa exposición senon que foi a raíz da pregunta se fixo D. Carlos Mollinedo en Rogos e Preguntas. Polo tanto queda recollido nese punto da acta.
- A pregunta "D. Carlos Mollinedo pregunta si sería posible a creación dunha comisión do Consello de Campus para o estudo da reestructuración dos espazos debido as esixencias do novo espazo para bibliotecas", e un rogo. Así queda recollido na acta.

Aprobase a acta con estes cambios.

**Punto segundo:** Informe do Presidente.

- Os novos títulos: non hai novidades importantes nestes momentos
- Infraestructuras: Xa entregaron o edificio da Casa das Campás. A cesión será de 20 anos de uso (prorrogables). A titularidade da propiedade farase efectiva no momento en que se ceda o edificio de San Fernando e, que será cando este construído o edificio das Artes.
- Edificio das Artes: Está para salir a concurso internacional o deseño o proxecto.
- Facultade de Educación: Non hai ningún retraso que poidamos considerar importante na execución do proxecto. D. Antón Fernández Álvarez informa que os arquitectos din que a obra leva un retraso de 2 meses. D. M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela pide unha reunión informativa sobre este tema. E O Sr. Presidente afirma que en breve terá lugar unha reunión da Comisión de seguemento da Facultad de Educación coa Coordinación do Campus de Pontevedra.

D. Carlos Mollinedo pregunta cal vai ser a ocupación do edificio da Casa das Campás. D. Antón Fernández Álvarez responde:

- Ubicación do Consello de Campus
- Ubicación do Vicerreitorado de Titulacións, Posgrao e Formación Permanente.
- Primeira planta do edificio: (proxecto de deseño encargado a Facultade de Belas Artes) deseño dun espazo para formación: cursos, conferencias tanto para a comunidade universitaria como para a cidadanía
- Planta baixa: exposicións
- Segunda planta: servizos do Vicerreitorado que teña a responsabilidade do Campus e algún servizo xeral (este último a definir)

O Sr. Presidente informa que se todo vai como se espera en outubro o Consello de Campus estará ubicado no edificio da Casa das Campás.

**Punto terceiro:** Posicionamento do Consello de Campus perante a proposta de modificación do calendario académico. (adxunta se proposta de calendario: anexo 1)

O Sr. Presidente presenta o calendario. Informa que será a nosa universidade xunto coa Autónoma de Madrid as que poñan en marcha esta experiencia. Tras a exposición o Sr. Reitor pide que se abra o debate.

Unha vez rematado o Sr. Reitor presenta o seguinte texto a votación: "O Consello de Campus de Pontevedra manifesta o seu respaldo á decisión de avanzar no deseño dun novo calendario académico, invitando ao enriquecemento da proposta realizada nos órganos colexiados que intervenían a continuación no seu proceso de aprobación e incorporando aquelas suxestións que vaian dando solución ás cuestións específicas que xurdan cada acadar un comento final que reflicta claramente as melloras que o novo calendario representa"

A votación queda como sigue:

- 9 votos a favor.
- 2 votos en contra
- 3 abstencións

Queda polo tanto aprobado o texto.

Dña. María Luisa Alonso Escontrela quere que conste en acta que ela particularmente está de acordo co calendario pero como non "fixo os deberes" na súa facultade vota en branco.

**Punto cuarto:** Posicionamento do Consello de Campus perante a necesidade de centralización de servizos no Campus de Pontevedra.

O Sr. Presidente cédelle a palabra o Vicerreitor de Titulación, Posgrao e Formación Permanente que informa:

**Punto quinto:** Presentación e aprobación se procede, do proxecto de creación do "Coro do Campus de Pontevedra"

<sup>1</sup> Asistentes: Alonso Escontrela, María Luisa; Barcia Rodríguez, Ignacio; Blanco Pesqueira, Antonia, Bonomé García Antonio José; Botana Ferreiro, Fco. Ramón; Fandiño Alonso, Xaime; Fernández Álvarez, Antón; Lens Levia, Jorge; Mollinedo Lois, Carlos; Morera Arbones, Joan; Nóvoa Abilleira, Patricia; Rodríguez Fuentes, Gustavo.

Pásaselle a palabra a Dna. Maria Luisa Alonso Escontrela a que fai unha exposición das actividades que realizaría a Coral. O Consello de Campus acorda non asumir o texto presentado pola Facultade de Educación pero si comunicarlle o Vicerreitor de Extensión Universitaria para o estudo e análise da súa viabilidade.

**Punto sexto: Rogos e preguntas:**

D. Carlos Mollinedo pregunta si foron informados os respresentantes da Comisión da Biblioteca . D. Antonia Blanco indica que preguntará se foron informados e se non foi así farase canto antes.

D. Carlos Mollinedo pregunta si foron atendidas as preguntas que plantexou no anterior Consello de Campus. Contesta o Vicerreitor de Titulación, Posgrao e Formación Permante:

- Ata que o campus sexa reestruturado non se pode facer nada coas carabanas que se ubican no campus.
- A señalización do campus fíxose.
- En canto o transporte urbano tanto a línea de Monteporreiro como a de Lerez non poden acceder o campus por diversos motivos (titularidades, concesións)

D Carlos Mollinedo pregunta sobre a titularidade do edificio de Ciencias da Educación. O Sr. Presidente contesta que o edificio é unha cesión de Costas o Concello para ubicar una feira de gando, polo que non podemos facer nada co solar.

D. Carlos Mollinedo roga que se estudiara a creación dunha residencia para o Campus de Pontevedra pola falta de transporte público. O Sr. Reitor afirma que se está facendo todo o posible e que espera ter unha solución pronto. Informará no próximo Consello.

Sendo as 19:20 horas e sen mais asuntos que tratar, levántase a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

Pontevedra a 26 de maio de 2005

**A Secretaria**

Asdo: Antonia Blanco Pesquería